emisiós, e asociaciós de tan grande trascendencia polo seu sinificado e caráiter a prol do espallamento e conservación dos valores culturales da Terra Nai como a a arxentina e maila uruguaia de descendentes de galegos afincados xa naqueles meridiáns. A persoalidade de Elsa Fernández repartíuse día a día antre aquelas coleitividades nunha entrega decidida i espranzadora. A sua vida esvaíuse no ensono branco dunha saudade e no cumplimento dun destino...

Ollando as páxinas de "Lonxanía" decátase ún perfeitamente das duas dimensións que animaron a historia apenas iniciada da sua vida: un quefacer constante de participación coleitiva entusiasta i eficaz, e máis a testemuña lírica da sua ialma saudosa esmigallándose en versos; versos lenes, cáseque soio esbozados, algo eisí coma o orixe xa da sua propia ausencia.

Na sinxeleza de "Lonxanía", na sua impresionante emotividade de homenaxe e de lembranza, tódolos galegos auténticos han se sentir vencellados con aquela rapaciña que de xeito tan imborrabre soupo amosar o esprito dunha raza e dunha Cultura antes de se esvair na escuma dises seus poemas derradeiros que a levaran, sin dúbida, cara a costa irta do seu arelado Fisterre lonxano...

NOTAS

O DIA 24 de xulio, un grupo de católicos galegos iniciaron a constitución de unha "Sociedade de Estudos, Publicaciós e Traballos" (SEPT) co fin de levar a cabo a incorporación dos textos sagrados —i en xeneral de textos relixiosos— á nosa língoa, ó mesmo tempo que promove a formación i a difusión de un auténtico pensamento católico galego que axude ó conocemento i á xusta solución dos problemas económicos, sociales e culturales da nosa comunidade.

Os coengos coruñeses señores Morente i Espiña traduciron á nosa língoa os catro Evanxelios. O texto galego desta tradución sometérono ó dictame da Real Academia Gallega no tocante á súa regulación ortográfica.

O RECENTE pasamento de Augusto Frederico Schmidt —no mes de febreiro pasado— ten suposto unha grave perda non só prá poesía brasileira, sinón tamén pró arte editorial do seu país. O grande poeta fluminense foi entusasta descobridor i editor de moitos dos máis importantes prosistas e poetas aparecidos no Brasil a partir dos anos trinta.

CON motivo do VII Centenario do nacemento de Dante Alighieri, a Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos organizóu un "simposium" arredor do influxo e siñificado do gran poeta florentino no mundo moderno, no que participaron tres expertos dantistas. Chesley Mathews, profesor da Universidade de California, falóu sobre "Dante na literatura americana". Francis Ferguson, autor de "Dante drama of the Mind", disertóu encol do tema "Lendo a Dante no 1965". E o destacado poeta John Clark, fixo unha esposición sobre "O Inferno do Dante: conceito e vehículo".

ESTA a se producir na Checoeslovaquia un revalorizamento da obra do escritor xudeo-checo Franz Kafka, asegún manifestóu recentemente Ricardo Fabr. En obras como "A Metamorfosis", "O Proceso", "Amérika" e "O Castelo", Kafka analiza i enxuicia severamente as tendencias antihumanitarias dos tempos modernos.

O DISCUTIDO novelista James Joyce, antano tan soio de minorías, ten pasado a sélo de amplas maiorías. O seu libro "Ulyses", do que se editaron mil e cinco centos exemplares fai trinta e seis anos, ten sido reeditado agora pra conmemorar o vintecinco cabo de ano da morte do seu autor, polo "Livre de Poche", cunha tirada de seiscentos milleiros de exemplares.

SALVATORE Battaglia, o novo crítico italiano, reuníu nun volume tiduado "Occasione critiche" algúns ensaios de crítica e de historia literarias. Battaglia eisamina dúas características da aitual literatura italiana e o

9 xulio
agosto
setembre 1965

GRIAL

X. M. LÓPEZ NOGUEIRA: Existencia e sociedade.

BERNARDINO GRAÑA: Campanas, templos, sombras de Rosalía.

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA: Nota pra unha teoloxía do galeguismo.

MANUEL MARÍA: As augas van caudales.

SALVADOR LORENZANA: "O cemiterio mariño" de Paul Valery.

R. CARBALLO CALERO: A Arbre.

VIGO